

## ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061 E A AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO PARA O FOMENTO DA FORMACIÓN EN RESUCITACIÓN CARDIOPULMONAR E INCREMENTO DA CAPACITACIÓN NO USO DE DESFIBRILACIÓN SEMIAUTOMÁTICA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia – 061 (fundación pública de interese galego adscrita á Consellería de Sanidade a través da Xerencia do Servizo Galego de Saúde), formalizou coa Autoridade Portuaria de Vigo en data 18.05.2021 o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos, a contar dende o día da súa sinatura, susceptibles de prórroga.

Que o dito instrumento convencional ten por obxecto establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes de cara a “cardioprotexer” o Porto de Vigo e a súa contorna mediante a promoción da formación e difusión do coñecemento das técnicas de RCP, con atención especial ao incremento do persoal formado e capacitado para o uso do Desfibrilador Externo Semiautomático (DESA) así como a súa incorporación ao programa “Acude e axuda”. Este programa de colaboración, xestionado pola Consellería de Sanidade a través do 061, busca a axuda cidadá para mellorar a supervivencia das vítimas afectadas por paradas cardiorespiratorias, mediante a coordinación de persoas voluntarias dende a central de coordinación do 061.

A través deste instrumento as partes acordan colaborar para acadar eses obxectivos, de modo que a Autoridade Portuaria de Vigo se compromete á instalación estratéxica de dispositivos DESA no seu recinto, correspondendo ao 061 elaborar unha memoria que analice os espazos e recursos do Porto de Vigo para levar a cabo unha distribución o mais eficiente posible dos mesmos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Dunha banda, nos fins e obxectivos perseguidos pola fundación 061, como son a realización de actividades de xestión, coordinación, consultaría, docencia e investigación, prioritariamente en materia de atención extrahospitalaria en caso de emerxencia e urxencia sanitaria, así como o feito de que, como xa se apuntou, na actualidade, xestiona un programa de colaboración cidadá na atención da PCR na vía pública denominado “Acude e Axuda”.

E doutra banda, nas funcións asignadas á Autoridade Portuaria de Vigo, entre as que destacan a obriga de coidar da saúde e seguridade dos/das seus/súas traballadores/as, así como de velar pola seguridade das persoas usuarias das súas instalacións.

Por todo o anterior, as partes asinantes están interesadas en colaborar, aproveitando os seus recursos, para favorecer á consecución de obxectivos comúns. Así pois, os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

